

A Fundación Institucional Española -FIES-, co patrocinio da **Fundación Orange**, convoca o **36º** Concurso **¿Que é un Rei para ti?**, de conformidade coas seguintes **bases**:



PARTICIPANTES

- Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria ou de 1º e 2º da ESO de calquera centro educativo do territorio español.
- Alumnado de Educación Especial.



TRABALLOS

- Poderanse presentar traballos en calquera formato. Presentacións multimedia, vídeo, audio, traballos manuais, artesanais.
- O tema dos traballos será a figura de S.M. o Rei e/ou o papel da Coroa en España.
- Todos os traballos manuais (esculturas, murais, debuxos,) deberán ir acompañados por un breve escrito que explique o seu contido. Nos traballos multimedia este escrito non será necesario.
- En cada traballo deberá figurar o nome do participante e os datos de contacto do centro educativo.
- Os traballos serán individuais. **NON SE ACEPTARÁN TRABALLOS EN GRUPO.**



PRESENTACIÓN

- Os orixinais serán enviados a FIES, - Gran Vía, 16. 4º - 28013 MADRID -, especificando xunto á dirección: 36º Concurso Que é un Rei para ti?
- FIES e a Fundación Orange resérvanse a propiedade dos traballos presentados e o dereito para publicalos integramente ou en parte. **EN NINGÚN CASO OS ORIXINAIS SERÁN DEVOLTOS**



PRAZO DE ENTREGA

- A admisión de orixinais finaliza o 31 de xaneiro de 2017. FIES resérvase o dereito para ampliar o prazo en circunstancias excepcionais.



RESOLUCIÓN DO XURADO

- O Xurado, composto por membros do Padroado da Fundación Institucional Española, realizará unha selección de traballos finalistas en cada Comunidade ou Cidade Autónoma. Posteriormente, elixirá un traballo gañador en cada unha delas.
- A resolución será inapelable e o concurso non poderá ser declarado deserto.
- Declararanse 21 gañadores. Un gañador por cada Comunidade ou Cidade Autónoma máis 1 gañador a nivel nacional na modalidade de Educación Especial e 1 gañador na modalidade de multimedia.



MODALIDADE MULTIMEDIA NACIONAL

- Poderanse presentar traballos en calquera formato multimedia, como vídeos, presentacións, creación de arte dixital, páxinas web, etc.
- O soporte para presentar os traballos será un CD, DVD, USB ou a través do correo electrónico fundacion@fies.es



- Ademais de participar plenamente nas seleccións de finalistas autonómicos, realizarase unha selección nacional de traballos desta modalidade, que se expoñerán na web de Fundación Orange e onde os internautas terán a oportunidade de votar aos seus favoritos o 17 de maio, día da internet.
- Entre os traballos máis votados, o Xurado elixirá un único gañador nacional desta modalidade, cuxo autor/a será quen acuda á Audiencia coa S.M. o Rei, representando á modalidade de multimedia, esta resolución darase a coñecer unha vez rematadas as exposicións autonómicas, aproximadamente a mediados de xuño.



MODALIDADE DE EDUCACIÓN ESPECIAL NACIONAL

- Os traballos de educación especial que formasen parte das exposicións autonómicas, serán agrupados nunha exposición privada para o Xurado, coa finalidade de seleccionar un representante a nivel nacional, que acudirá xunto cos demais gañadores, á Audiencia coa S.M. o Rei.



EXPOSICIÓNS AUTONÓMICAS

- Os traballos finalistas de cada Comunidade ou Cidade Autónoma serán expostos durante un acto organizado xunto coa Consellería de Educación, onde se fará entrega de diplomas e agasallos a cada un deles.
- Neste acto farase público o nome do alumno/a gañador/a na devandita Comunidade ou Cidade Autónoma.
- A súa data será comunicada aos centros educativos finalistas do Concurso, e tamén se poderá consultar a través da web.

PREMIOS:



AUDIENCIA COA SÚA MAXESTADE O REI

- Como en cada edición, FIES solicitará á Casa da S.M. o Rei unha Audiencia con Don Felipe VI, á que asistirá o/a autor/a do traballo gañador de cada Comunidade ou Cidade autónoma, acompañado do seu profesor/a.



VISITA AO PALACIO REAL DE MADRID

- Os alumnos gañadores de cada CCAA, acompañados polos seus profesores e familiares, serán premiados cunha visita ao Palacio Real de Oriente.



ENTREGA DE PREMIOS

- Como cada edición FIES organizará unha cea na que se expoñerán os vinte e un traballos gañadores, a esta cea acudiran os gañadores xunto cos seus profesores e familiares. Durante a súa celebración terá lugar a entrega de diplomas, figuras e agasallos do noso patrocinador.

FIES FUNDACIÓN INSTITUCIONAL ESPAÑOLA

Os centros escolares ou profesores que desexen obter máis información sobre o certame poden dirixirse a:
FIES, Fundación Institucional Española. C/ Gran Vía, 16, 28013 MADRID.
Tel: 91 532 27 28 / www.fies.es / fundacion@fies.es

Fundación orange™

FIES agradece especialmente o apoio e a colaboración de todas as Consellerías de Educación das Comunidades Autónomas, sen elas non tería sido posible levar a cabo a fase autonómica do Concurso ¿Que é un Rei para ti?

